

Asunto: Adenda ao PROXECTO EXPROPIACION DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLO APARTADOIRO FERROVIARIO NA PLATAFORMA LOXÍSTICA – INDUSTRIAL SALVATERRA DE MIÑO AS NEVES

A redacción do proxecto de expropiación dos bens afectados polo apartadoiro ferroviario na plataforma loxística – industrial Salvaterra de Miño As Neves realizouse sendo o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) a entidade expropiante.

Segundo o artigo 20 g) do Decreto 140/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria (DOG núm. 101, publicado o 27 de maio de 2024),

“Baixo a superior dirección da persoa titular da Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético, a Dirección xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial exercerá as competencias e funcións en materia de estratexia industrial, administración industrial, seguridade e calidade industrial, solo empresarial, metroloxía e metais preciosos, e as restantes que lle atribúa o ordenamento xurídico e, entre elas, as seguintes:

(...)

g) A adquisición de solo por calquera título, mesmo por expropiación forzosa, dos terreos destinados á formación de reservas de solo, preparación de soares, dotacións e equipamento, para o desenvolvemento e a xestión da política de solo empresarial.”

A vista da nova atribución de competencias establecida, tódalas referencias ao Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) que existen no Proxecto de expropiación dos bens afectados polo apartadoiro ferroviario na plataforma loxística – industrial Salvaterra de Miño As Neves deberán entenderse referidas á Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial ca Consellería de Economía e Industria.

A perito da administración
Nuria Suarez Uzal
(documento asinado electronicamente)

O representante da administración
Eugenio Fernández Piñeiro

